

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 3 DE XANEIRO DE 2025

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día tres de xaneiro de 2025, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, D.^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE e D. JORGE BUSTOS ATANASIO. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E TRANSICIÓN ECOLÓXICA E COHESIÓN TERRITORIAL

1. ACTAS E GOBERNO.- Acórdaaprobar a modificación de representantes municipais do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE para formar parte do Foro de Participación Cidadá en materia de igualdade (exp.: 2025/G004/000721).

Tamén se acorda a aprobación do proxecto de modificación o Regulamento Orgánico Municipal do Goberno e Administración Municipal.

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a 4ª prórroga do contrato dende o 31/12/2025 ao 30/12/2026,3 na contratación dos seguros de danos a bens mobles e inmobles (lote 2)- exp. ref. 2021/C003/000030.

Tamén se acorda a adxudicación na contratación de patrocinio publicitario co Club Deportivo Lugo S.A.D para os anos 2025, 2026 e 2027. exp. ref. 2025/C005/000008.

3. PERSOAL.- acórdase a prórroga da comisión de servizos do posto de xefe/a do servizo de educación.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac4935049318561385793.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 3-12-2025

Tamén se acorda o reingreso ao servizo activo nunha praza de policía local do Excmo. Concello de Lugo.

ÁREA DE GOBERNO DE MOBILIDADE E INFRAESTRURAS URBANAS

4. POLICÍA, TRÁFICO E TRANSPORTES.- Acórdase a aprobación do Plan de Mobilidade do Concello de Lugo 2025.

Fóra da orde do día

Asinado dixitalmente polo tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández.